



SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

CONCELLO DE AVIÓN (Ourense)

Teléfono: 609 770 973

E-mail: deportes@concelloavion.org

www.concelloavion.org

REGULAMENTO DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE AVIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É obxecto do Servizo Municipal de Deportes de Avión (en adiante SMD) a protección, fomento e desenvolvemento das actividades físico-recreativas e, en xeral, da actividade deportiva que pretenda exercitar calquera persoa.

As características das instalacións deportivas municipais están en consonancia cos citados obxectivos e fins, de aquí que a súa regulamentación deba fundamentarse nos seguintes principios xerais:

1. Carácter eminentemente popular.
2. Auténtica promoción social.
3. Carecer de ánimo de lucro.
4. Abarcar toda a gama posible de especialidades deportivas practicables nas instalacións.
5. Optimización do rendemento das instalacións deportivas.

Para o mellor cumprimento destes fins, o SMD desenvolve unha serie de normas que servirán, dunha parte, para garantir os dereitos dos usuarios das instalacións deportivas municipais, e doutra, para fixar as necesarias obrigas ou deberes destes co persoal, cos demais usuarios ou co propio equipamento deportivo.

TÍTULO I.

CONDICIÓNS XERAIS PARA TODAS AS INSTALACIÓNS.

Artigo 1º – Instalacións deportivas municipais

Son instalacións deportivas municipais todos os edificios, terreos, recintos e dependencias de titularidade municipal destinados á práctica deportiva.

As instalacións deportivas municipais definidas no parágrafo anterior son bens de dominio público pertencentes ao servizo público. Tamén o son os bens mobles incorporados permanentemente a calquera deles.

O SMD velará polo mantemento e conservacións axeitadas do conxunto de bens de diferentes tipos, con tal de prestar o servizo público ao que están destinados durante a vida útil do edificio ou instalación.

Quedan excluídas as instalacións deportivas abertas en uso público gratuito. Non obstante, de ser necesario, as normas deste Regulamento serán de aplicación supletoria.

Artigo 2º– Características das instalacións deportivas municipais

As instalacións deportivas municipais cumprirán as normas urbanísticas de seguridade, accesibilidade e adaptación para persoas con diminucións ou discapacidades funcionais, e demais normativa aplicable.

Artigo 3º– Usos sometidos a tributación

As instalacións deportivas municipais estarán abertas ao público e poderán acceder a elas e utilizalas calquera cidadán/á mediante a subscrición da correspondente taxa, de acordo coas normas do presente Regulamento.

Artigo 4º– Ingreso da taxa

O pagamento da taxa para poder utilizar as instalacións é obrigatorio e realízase antes da súa utilización, na forma e contía que establece a súa ordenanza, non concedéndose ningún tipo de redución ou exención, agás as expresamente previstas na mesma.



SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

CONCELLO DE AVIÓN (Ourense)

Teléfono: 609 770 973

E-mail: deportes@concelloavion.org

www.concelloavion.org

Artigo 5º– Modalidades de aboamentos

Os tipos de carné de subscrición deportiva municipal serán os estipulados pola ordenanza fiscal vixente.

Artigo 6º– Limitación funcional de espazos deportivos

En cada instalación poderán practicarse os deportes aos que especialmente estea destinada. Será tamén posible a práctica doutros deportes sempre que tecnicamente sexa posible e previa autorización.

As instalacións deportivas municipais poderán ser destinadas ao deporte, ao deporte educativo escolar, ao de ocio, ao de competición e de forma puntual a actividades de carácter social ou cultural que cumpran os requisitos que para cada caso se contemplan.

Artigo 7º– Información básica

En cada unha das instalacións deportivas figurará, con carácter preceptivo e en lugar visible, un cartel coas seguintes informacións:

- Referencia ao texto vixente regulador de taxas do uso das instalacións deportivas.
- Referencia ás normas de uso das instalacións deportivas.
- Horario de funcionamento

Artigo 8º– Reclamacións

Todo usuario dunha instalación deportiva municipal, individual ou colectivo, poderá presentar as reclamacións ante o SMD que estime pertinentes.

Non se tramitarán as reclamacións que se presenten de forma anónima, debendo constar de forma obrigatoria o número do DNI ou Tarxeta de Residencia e número de abonado no seu caso.

Artigo 9º– Réxime de aproveitamentos publicitarios

O SMD poderá autorizar a existencia de publicidade, estática ou móbil, permanente ou non, realizada por calquera elemento técnico ou soporte, estando prohibida a colocación de carteis que non estean autorizados previamente.

Artigo 10º– Medidas preventivas e cautelares

O SMD recomenda aos usuarios someterse a un recoñecemento médico previo antes de iniciar calquera actividade programada por este, reservándose o dereito de esixilo se o estimase conveniente.

A eses efectos convídase a todos os usuarios a que se autoavalúen periodicamente mediante o cuestionario de aptitude para a actividade física do Anexo I.

Queda prohibido o uso das instalacións a todas aquelas persoas que padezan algunha enfermidade contaxiosa.

TÍTULO II. USUARIOS.

Artigo 11º– Condición de usuario

Para os efectos do presente Regulamento se entende por usuarios das instalacións deportivas municipais a aquelas persoas ou entidades que utilizan estas, ben participando en programas promovidos e xestionados polo propio SMD, ben participando do aluguer ou cesión dos devanditos espazos deportivos, así como aos aboados.

Terán a condición de aboados todas aquelas persoas que estean en posesión do abono ou do carné de subscrición deportiva municipal que acredite a súa condición de abonado e estea ao corrente do pagamento do período en curso.

O carné de subscrición deportiva é persoal e intransferible.



SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

CONCELLO DE AVIÓN (Ourense)

Teléfono: 609 770 973

E-mail: deportes@concelloavion.org

www.concelloavion.org

Artigo 12º– Renuncia á utilización de instalacións

O usuario poderá renunciar ao uso da instalación ou servizo e terá dereito á devolución do importe ou optará a unha nova reserva, sempre que se trate dun servizo mensual, presente o correspondente comprobante de pagamento e estea en algún dos seguintes casos:

- Suspensión do servizo ou actividade en máis de cinco días consecutivos por problemas ou incidencias alleas ao usuario, agás en datas de vacacións.
- Razóns especiais de organización do SMD (celebración de eventos, etc.) sempre que se produza sen aviso previo.

No caso de desaxuste de horarios por causas alleas, os usuarios poderán optar por:

- Prorrogar a hora de comezo da actividade se á seguinte hora non estivese reservada.
- Cambiar a outra instalación que estivese libre.
- Solicitar un troco de data e/ou hora con presentación de recibo.

Artigo 13º– Dereitos dos usuarios

Son dereitos dos usuarios:

1. Ser tratados con educación e amabilidade por todo o persoal pertencente ao SMD.
2. Gozar, de acordo ás normas de uso establecidas e as tarifas vixentes, de todos os servizos que preste o SMD e as súas instalacións.
3. Facer uso das instalacións nos días e horarios sinalados no programa ou aluguer contratado, se ben o SMD, por necesidade de programación ou forza maior, poderá anular ou variar as condicións establecidas, comunicando sempre esta circunstancia aos afectados coa máxima antelación posible.
4. Atopar as instalacións, o mobiliario e o material deportivo nas mellores condicións posibles.
5. Presentar as queixas, suxestións ou reclamacións que estime convenientes por escrito ante o SMD.
6. Poder consultar nas diferentes instalacións o presente Regulamento.

Artigo 14º– Obrigas dos usuarios

Son obrigas dos usuarios:

1. Aboar a taxa correspondente así como, de ser o caso, a do servizo ou a actividade elixida, dentro das normas que se establezan e que serán anunciadas coa antelación suficiente polos medios que o SMD estime oportunos.
2. Identificarse mediante o seu correspondente documento no control de acceso e presentar o carné, tarxeta ou documento identificativo estipulado cando lle sexa requirido, non podendo cedelo ou transmitilo a un terceiro.
3. Presentar, ao requirimento de calquera traballador do SMD, resgardo xustificativo de ter paga a actividade que se estea realizando ou se realice. No suposto de que non se posúa este deberá dirixirse ao SMD aos efectos de comprobar que efectivamente se satisfizo a taxa. De non constar o ingreso deberá aboar a correspondente taxa ou abandonar inmediatamente as instalacións, sen prexuízo do correspondente expediente sancionador que se poda incoar contra o mesmo.
4. Utilizar as instalacións, material e mobiliario axeitadamente, evitando posibles danos nas instalacións ou á saúde e dereitos dos demais usuarios, coidando en especial o mantemento da salubridade colectiva.
5. Gardar o debido respecto aos demais usuarios e ao persoal das instalacións.
6. Atender en todo momento ás indicacións e colaborar co persoal das instalacións deportivas cuxa misión é supervisar toda actividade que se realice no recinto e as súas dependencias, así como velar polo cumprimento das normas, tanto xerais como específicas de cada espazo deportivo.



SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

CONCELLO DE AVIÓN (Ourense)

Teléfono: 609 770 973

E-mail: deportes@concelloavion.org

www.concelloavion.org

7. Acceder á instalación para realizar a actividade con indumentaria deportiva completa, observándose especialmente a necesidade de calzado adecuado para cada pavimento, utilizando solas que non marquen o parqué ou os cháns especiais das canchas. Polo mesmo motivo ínstase a non utilizar na instalación o mesmo calzado empregado na rúa e, de maneira especial, na tempada invernal. Se disporá, polo tanto, dun calzado deportivo para uso exclusivo en adestramentos e encontros. Os que realicen exercicio fóra das instalacións deportivas e posteriormente entren nos recintos pechados coidarán especialmente da hixiene do calzado a fin de evitar posibles prexuízos ao pavimento. Esta norma rexe tamén para as actividades a realizar en pistas e instalacións abertas.
8. Abandonar as instalacións unha vez finalizada a actividade na que se participe ou se atope inscrito. Se a actividade se realiza dentro da última hora do horario establecido para cada instalación deberá abandonala quince minutos antes da hora de peche, desaloxando os vestiarios á hora en punto.
9. Nas salas de musculación se deberá colocar unha toalla nos bancos, respaldos, etc. como medida hixiénica durante a utilización das máquinas ou as esteiras.
10. Utilizar os espazos en función do seu destino.

Artigo 15º– Prohibicións

Está prohibido para os usuarios:

1. Introducir utensilios ou recipientes de vidro nos recintos deportivos.
2. Fumar e comer nas instalacións deportivas, agás nos lugares autorizados.
3. A publicidade de bebidas alcohólicas e tabaco.
4. Tirar lixo dentro das instalacións, debendo utilizar as papeleiras ou outros recipientes destinados para tal efecto.
5. Introducir cans ou outros animais en todas as instalacións deportivas municipais, agás para a realización de probas agility ou outro tipo de competicións cando estivesen autorizadas. Desta norma están exentos os cáns-guía cando realicen o seu traballo.
6. O uso de bicicletas, patíns ou monopatíns, con excepción dos espazos destinados a estas modalidades deportivas.
7. Xogar con pelotas ou balóns, ou outros obxectos, en vestiarios, corredores de acceso a pistas, bancadas e todas aquelas zonas que non se consideren espazos deportivos, agás supervisión dun monitor.
8. Deixar obxectos fóra das taquillas dos vestiarios, así como deixar ocupada con roupa o interior das cabinas individuais, duchas ou calquera outro espazo dos vestiarios. Só se poderá ocupar a taquilla durante a realización da actividade, procedéndose á súa apertura diariamente por parte dos traballadores do SMD ao peche da instalación, non se facendo responsable do contido da mesma.
9. Introducir bolsas, mochilas, etc. nas canchas e na piscina. Estas deberán deixarse nas taquillas existentes nas instalacións.
10. Utilización de calquera instalación deportiva municipal para impartir clases con finalidade de uso e beneficio particular, agás as autorizadas expresamente por escrito.
11. Afeitarse, depilarse, cortar as uñas e calquera outra actividade hixiénica ou estética que implique restos físicos.
12. Non se permitirá no interior dos vestiarios a práctica doutra actividade que non sexa a específica en función do seu deseño e dos elementos que conteña.
13. Captar imaxes persoais en aseos e vestiarios por calquera medio.



SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

CONCELLO DE AVIÓN (Ourense)

Teléfono: 609 770 973

E-mail: deportes@concelloavion.org

www.concelloavion.org

TÍTULO III. USO DAS INSTALACIÓNS.

Artigo 16º– Principios xerais de utilización

Todas as instalacións deportivas municipais son de libre concorrencia.

O acceso ás instalacións deportivas municipais supón a aceptación das normas contidas neste Regulamento.

Artigo 17º– Medidas preventivas de seguridade

O persoal do SMD responsable das instalacións poderá pechalas en calquera momento por razóns de seguridade, climatolóxicas e cando se produzan circunstancias que poidan ocasionar danos físicos a persoas e/ou danos ás instalacións. Nestes casos non se terá dereito á devolución do diñeiro pagado por acceder á instalación ou realizar calquera actividade.

Por interese deportivo ou de orde técnica, o SMD resérvase a posibilidade de pechar o uso das mesmas, aínda habéndose reservado, avisando coa debida antelación. Este suposto comportará a devolución do importe pagado no aluguer da instalación.

Artigo 18º– Disposicións de materiais e equipamentos

Se poñerá a disposición dos usuarios autorizados para os seus adestramentos o material dispoñible, sendo responsabilidade destes o traslado e a retirada ao correspondente almacén. O persoal da instalación colaborará nestas tarefas se fose necesario.

O adestrador/a ou a persoa encargada delo terá que levar o control do material utilizado para a realización das actividades. Tamén se responsabilizará de que, unha vez finalizada a actividade, a instalación e os espazos deportivos utilizados estean en condicións de volver a utilizarse.

O material que cada equipo estea autorizado a deixar en cada instalación deberá estar recollido en cestas, redes ou bolsas da súa propiedade, non facéndose o SMD responsable do devandito material.

Artigo 19º– Acceso autorizado sen tutela

Cando sexa necesario a obtención de chaves para utilizar as instalacións deportivas o usuario ou a persoa responsable ou delegada da entidade terá que depositar en mans dos responsables da instalación un documento acreditativo da súa personalidade, que lle será devolto unha vez entregadas as chaves á saída.

O SMD poderá esixir fianza pola entrega das chaves.

Artigo 20º– Horarios

Os horarios das distintas instalacións serán aqueles que se aproben, os cales se colocarán en lugar visible á entrada das mesmas.

Estes horarios poderán sufrir modificacións segundo as consideracións ou necesidades do SMD, debendo anunciarse o cambio coa máxima antelación posible.

TÍTULO IV. NORMAS DE SOLICITUDE, CONCESIÓN E USO.

Artigo 21º– Solicitud de instalacións deportivas municipais

A solicitude para o uso de Instalacións Deportivas Municipais levarase a cabo ante os responsables do SMD coa maior antelación posible.

O SMD resérvase como prioridades os horarios, que previamente se exporán no lugar axeitado, para levar a cabo actividades grupais tipo ximnasia, natación, spinning, ...etc.

A concesión de uso queda supeditada a que o solicitante estea ao corrente no pagamento polo concepto de utilización de calquera instalación deportiva municipal.



SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

CONCELLO DE AVIÓN (Ourense)

Teléfono: 609 770 973

E-mail: deportes@concelloavion.org

www.concelloavion.org

O solicitante comprométese ao pagamento da totalidade da hora de concesión, aínda que esta non sexa utilizada, e durante toda a tempada, a non ser que renuncie ao uso da cancha con antelación de 5 días antes de terminar o mes en curso, co fin de evitar que se cobren os meses seguintes.

Será imprescindible cumprimentar toda a solicitude, facendo figurar os datos reais que se solicitan. No caso de que o SMD detecte falsidade nos devanditos datos, a entidade causará baixa automaticamente do uso de instalacións.

Dende o SMD considérase dous tipos de solicitudes de instalacións:

1. Petición de instalacións para adestramento en tempada anual:
 - a. Os clubs ou entidades deportivas poderán, para efectuar os seus adestramentos ou competicións, solicitar a reserva dunha instalación determinada. Todas as solicitudes recibidas dunha mesma instalación serán estudadas e clasificadas atendéndose á súa orde de prioridade.
 - b. Consecuentemente con esta clasificación o SMD asignaralle a cada entidade os días e horas en función da dispoñibilidade de cada instalación.
 - c. Aos clubs ou entidades deportivas que, logo da aplicación dos devanditos criterios, se lles conceda unha instalación deportiva determinada, deberán confirmar o horario concedido, nunha primeira fase provisional. Posteriormente, unha vez estudadas as posibles reclamacións pasaranse a unha segunda e definitiva fase, no que a entidade deportiva deberá formalizar un convenio para a concesión do horario de adestramento, no que se establecerá a data de vixencia do mesmo e as súas posibles prórrogas
2. Petición de instalacións para a celebración de competicións: Poderase reservar o uso de instalacións para a celebración de competicións dentro dos horarios de fin de semana, en canto dispoñan do calendario. A concesión de reservas realizarase entre o luns e martes da semana correspondente, e o club ou entidade deportiva deberá confirmar a reserva, logo de pagar a taxa correspondente, sempre antes do xoves da mesma semana salvo que se ataña a outro tipo de acordo. A concesión de uso queda supeditada á posible autorización do SMD para actos ou competicións, non habendo lugar a reclamación cando, por algunha circunstancia se teña que suspender o horario concedido. Non obstante, sempre que sexa posible, comunicarase coa máxima antelación posible.

A concesión dunha franxa horaria durante unha tempada, en calquera instalación, non implicará que esa mesma hora sexa concedida ao ano seguinte automaticamente polo feito de facer a solicitude. As concesións serán únicas e exclusivamente para a tempada concedida. Deberá confirmarse co SMD o horario concedido.

TÍTULO V.

NORMATIVA DE USO DAS DIFERENTES INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Artigo 22º– Uso mensual da sala de musculación e da sala de aeróbic

A renovación das prazas efectuarase entre o 1 e o 5 de cada mes, ambos incluídos, co persoal do SMD, e entregarse o comprobante de pagamento ao monitor cando se lle requira.

Por motivos de saturación na instalación poderá restrinxirse a permanencia nestas salas a un máximo dunha hora.

Queda prohibido, ademais das causas contidas no artigo 15 do presente, o acceso de menores de 15 anos na sala de musculación.

Artigo 23º– Uso da piscina municipal

Programaranse as rúas para cursos, centros escolares, adestramentos deportivos, natación de usuarios e baño libre, de tal modo que cada tipo de usuario deberá utilizalas nos horarios marcados para un mellor aproveitamento da piscina.



SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

CONCELLO DE AVIÓN (Ourense)

Teléfono: 609 770 973

E-mail: deportes@concelloavion.org

www.concelloavion.org

No horario de actividades de natación os usuarios non terán rúas libres para poder nadar a menos que os alumnos das clases sexan menos de 5 persoas.

Existirá unha limitación ao acceso de usuarios en función do aforamento da instalación.

É obrigatorio para todos os usuarios, ademais do establecido no artigo 14 do presente, o seguinte:

- Comunicar ao vixiante se padece algunha enfermidade que requira de especial atención.
- Utilizar os vestiarios sinalados polos responsables da instalación.
- Ducharse antes de entrar na auga e despois de saír dela.
- Usar traxe de baño, pucho e chancletas.
- Nadar pola dereita da rúa e adiantar pola esquerda.
- Entrar e saír polas escaleiras.
- Consultar co monitor ou vixiante para o uso do material.
- No uso da piscina atenderase ao establecido tanto no presente Regulamento como na normativa específica existente.

Queda prohibido, ademais do establecido no artigo 15 do presente, o seguinte:

- Acceder vestidos á zona de baño.
- Bañarse con apósitos ou vendaxes
- Correr, empurrar e saltar á auga de calquera forma.
- Practicar apneas de forma seguida.
- Subirse ás corcheiras e cruzar as rúas atravesándoas.
- Utilizar palas ou aletas, agás nos cursos e/ou baixo a supervisión do monitor. Permítese o uso de manoplas de látex.
- Introducir utensilios alleos á natación en superficie, como equipos de mergullo, balóns, colchóns ou materiais que poidan molestar aos usuarios, agás en actividades autorizadas pola dirección.
- Cuspir ou derramar líquidos de calquera natureza.
- Usar na auga lentes de vista ou de sol (agás lentillas). As lentes de natación deberán ter lentes de plástico ou irrompibles.
- Acceder á instalación se padece algunha enfermidade contaxiosa.
- Permanecer nos vestiarios nin reservar cabinas para esperar aos nenos que están nos cursos de natación ou en calquera outra actividade deportiva.

Recomendacións:

- Recoméndase non bañarse provisto de pulseiras, cadeas, aneis, reloxos, etc., co fin de prever extravíos e accidentes.
- Recoméndase ter coñecementos de natación para utilizar a piscina, independentemente da súa profundidade.
- Para asistir aos cursos de nenos é preciso ter cumpridos os 4 anos ou que se cumpran no mes no que se pretende asistir.
- Nos cursos destinados a menores de idade non se permitirá aos acompañantes que permanezan na instalación mentres se desenvolven as clases.
- O vixiante ou monitor é o responsable da súa seguridade e velará polo cumprimento destas normas, podendo engadir outras que axuden á seguridade, á hixiene e ao correcto funcionamento da instalación, polo que se deberá obedecer ás súas indicacións

Artigo 24º– Piscina en tempada estival

Queda prohibido, ademais do establecido no artigo 15 do presente, o seguinte:

- A presenza de transistores, radiocasetes, etc., cun volume que altere ou moleste aos demais usuarios nas zonas de estancia.
- A reserva, acotación ou delimitación das zonas de estancia.




SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

CONCELLO DE AVIÓN (Ourense)

Teléfono: 609 770 973

E-mail: deportes@concelloavion.org

www.concelloavion.org

- O uso de parasoles, hamacas, cadeiras, colchonetas ou inchables, etc nas pradarías de céspede.
- O acceso ás zonas de céspede con calzado de rúa. Poderá usarse un calzado específico e de sola branda.
- A práctica de actividades que poidan supoñer molestias para os demais usuarios ou agresións ao propio céspede.
- Non se permite a presenza de bolsas e demais elementos propios das zonas de estancia nas zonas de praia.
- Non se permite o uso de inchables, pelotas, etc. en todo o recinto deportivo. 

Artigo 25º– Vestiarios e taquillas

Os obxectos atopados nos vestiarios ou en calquera outro lugar das instalacións permanecerán en poder do persoal do SMD por espazo de 1 mes. Se neste prazo non son reclamados polo seu propietario poderá dárselles o destino que se considere.

TÍTULO VI. INSCRICIÓN A CURSOS.

Artigo 26º– Actividades colectivas

O pagamento da taxa correspondente non dá dereito a unha praza, posto que estas son limitadas.

O prazo para realizar o pagamento de calquera curso ou actividade empeza sempre a partir do día 25 de cada mes, para o seguinte mes correspondente.

Unha praza ocupada dun curso ou actividade queda liberada o día 25 do último mes pagado, polo que o usuario terá que inscribirse coma se fose de nova matrícula. É dicir, non existe reserva de prazas. As prazas asígnanse por estrita orde de inscrición e ata completar a cota establecida en cada mes.

TÍTULO VII. PERDA DA CONDICIÓN DE USUARIO OU SUBSCRITO.

Artigo 27º– Limitación de responsabilidade

O SMD non se fará responsable ante o usuario en caso de accidentes ou danos derivados do incumprimento, por parte deste, das presentes Normas, dun comportamento negligente doutro usuario ou dun mal uso das instalacións, equipamentos ou servizos.

Os organizadores de actividades deportivas nas instalacións municipais serán os responsables da seguridade e aseguramento das probas, así como do control e prevención da violencia nos espectáculos deportivos.

As persoas localizadas dentro de calquera instalación deportiva municipal, cuxa entrada se realice de forma irregular debe abandonar inmediatamente a instalación.

Artigo 28º– Responsabilidade por danos e perdas

Calquera usuario que ocasione danos materiais nas instalacións deportivas municipais será directamente responsable, polo que deberá facerse cargo dos gastos que orixine o dano ocasionado. No caso de non pagamento este poderá ser executado por vía de apremio.

As Federacións ou Entidades Deportivas responsables das programacións de encontros e competicións serán responsables subsidiariamente dos danos que orixinen os equipos participantes nas mesmas, de acordo á seguinte prelación:

- O representante do club ou entidade deportiva cando se trata dun uso colectivo.
- A dirección do centro escolar, cando e trate dun colexio.
- A persoa directa da acción en calquera outro caso.



SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

CONCELLO DE AVIÓN (Ourense)

Teléfono: 609 770 973

E-mail: deportes@concelloavion.org

www.concelloavion.org

Artigo 29º– Potestades de control de acceso

O SMD, a través dos responsables e o persoal de servizo nas instalacións, ten facultade para negar o acceso ou expulsar a aquelas persoas que incumpran de forma reiterada algunha das normas contidas na normativa legal aplicable, ou cuxas accións poñan en perigo a seguridade ou tranquilidade dos usuarios, sen prexuízo de esixir calquera outro tipo de responsabilidades que correspondan, e en concreto:

- Actos contra o respecto e a convivencia pacífica (roubos, agresións, etc.).
- Comportamento desaxeitado ou irrespectuoso co persoal do SMD ou con outros usuarios.
- Atentar contra os bens do SMD coa utilización indebida, perigosa ou destrutiva das instalacións, equipamento e/ou material.
- Non respectar as presentes normas.
- Calquera outro que perturbe o correcto funcionamento das actividades. ^[1]_[SEP]

Cando o usuario da instalación sexa un menor, serán responsables das consecuencias dos seus actos os seus pais ou titores legais.

Artigo 30º– Incumprimentos das normas de utilización das instalacións deportivas

O incumprimento das obrigas que se derivan da condición de usuario poderá levar consigo a perda de tal condición, conforme ao previsto no presente Regulamento.

Tales incumprimentos clasificaranse en leves e graves.

Artigo 31º– Incumprimentos leves

Considerarase leve:

- O trato incorrecto a calquera usuario, persoal, técnico, etc, e en calquera caso, o incumprimento dalgunhas das obrigas dos usuarios cando a súa consecuencia non dea lugar á cualificación de grave.
- Causar danos leves de forma involuntaria á instalación, material ou equipamento das mesmas.

Artigo 32º– Incumprimentos graves.

Considerarase grave:

- O incumprimento reiterado dalgunhas das obrigas dos usuarios.
- O maltrato de palabra ou obra a outros usuarios, espectadores, profesorado, técnicos, xuíces ou empregados da instalación.
- Causar danos graves de forma voluntaria á instalación, material ou equipamento das mesmas.
- Orixinar por imprudencia ou negligencia accidentes graves a si mesmo ou a outras persoas.
- Falsear intencionadamente os datos relativos á identidade, idade, estado de saúde, etc., e a suplantación de identidade.
- A reincidencia en incumprimentos resoltos como leves. ^[1]_[SEP]

Artigo 33º– Sancións

Os incumprimentos leves se corruxirán con apercibimento por escrito ou a perda da condición de usuario por un período de 5 a 30 días, segundo a clasificación da falta.

Os incumprimentos graves se corruxirán coa perda da condición de usuario ou subscrito por un período comprendido entre 30 días e 5 anos, segundo a gravidade do mesmo.

No caso de que o usuario actúe de forma notoriamente contraria ao presente Regulamento, o



SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

CONCELLO DE AVIÓN (Ourense)

Teléfono: 609 770 973

E-mail: deportes@concelloavion.org

www.concelloavion.org

persoal da instalación está autorizado para esixirlle o abandono da mesma, ou requirir a presenza das forzas de seguridade, se a gravidade así o esixira, sen prexuízo das posteriores accións aplicables ao caso. ^[1]_{SEP}

Artigo 34º– Procedemento.

Para a substanciación das sancións por incumprimentos seguirase o procedemento establecido nas normas administrativas que resulten de aplicación. ^[1]_{SEP}

DIPOSICIÓN ADICIONAL.

No non previsto no presente Regulamento se estará ao disposto na normativa reguladora vixente sobre o uso das distintas instalacións a que se refire.

DIPOSICIÓN FINAL.

O SMD resérvase o dereito a ditar disposicións ou resolucións para aclarar, modificar ou desenvolver o establecido no presente Regulamento para a correcta utilización das instalacións, sen prexuízo das observacións e indicacións do persoal ao servizo das mesmas.



SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

CONCELLO DE AVIÓN (Ourense)

Teléfono: 609 770 973

E-mail: deportes@concelloavion.org

www.concelloavion.org

ANEXO I:

CUESTIONARIO DE APTITUDE PARA A ACTIVIDADE FÍSICA

Este cuestionario foi concibido para axudarlle a axudarse a si mesmo. O exercicio físico regular asóciase a moitos beneficios para a saúde. Se ten a intención de aumentar o seu nivel de actividade física habitual. Un primeiro paso prudente é encher este cuestionario.

Para a maioría da xente a actividade física non presenta ningún problema ou risco en especial. Este cuestionario foi concibido para descubrir aqueles poucos individuos para os que a actividade física pode ser desaxeitada ou aqueles que necesitan consello médico en relación co tipo de actividade máis axeitada se é o caso.

O sentido común é a mellor guía para responder a estas poucas preguntas. Por favor, léaas coidadosamente e marque cun X o cadro correspondente a aquelas preguntas que sexan certas se é o caso:

- Díxolle algunha vez un médico que ten unha enfermidade do corazón e recomendoulle realizar actividade física soamente con supervisión médica?
- Nota dor no peito cando realiza algunha actividade física?
- Notou dor no peito en repouso durante o último mes?
- Perdeu a consciencia ou o equilibrio despois de notar sensación de mareo?
- Ten algún problema nos ósos ou nas articulacións que podería empeorar por mor da actividade física que se propón realizar?
- Prescribiulle o seu médico medicación para a presión arterial ou para algún problema de corazón (por exemplo diuréticos)?
- Está ao corrente, xa sexa por propia experiencia ou por indicación dun médico, de calquera outra razón que lle impida facer exercicio sen supervisión médica?

Se contestou SI a unha ou máis preguntas:

Antes de aumentar o seu nivel de actividade física ou de realizar unha proba para valorar o seu nivel de condición física, consulte ao seu médico (se non o fixo recentemente). Indíquelle qué preguntas deste cuestionario contestou cun si ou amóselle unha copia do mesmo.

Programas de actividade física

Despois dunha revisión médica, pida consello ao seu médico en relación coa súa aptitude para realizar:

- Actividade física sen restricións. Probablemente será aconsellable que aumente o seu nivel de actividade progresivamente.
- Actividade física restrinxida ou baixo supervisión axeitada ás súas necesidades específicas (polo menos ao empezar a actividade) Infórmese dos programas ou servizos especiais ao seu alcance.

Se contestou NON a todas as preguntas: SI NON

Se contestou este cuestionario a conciencia pode estar razoablemente seguro de poder realizar actualmente:

- Un programa gradual de exercicio. O incremento gradual dos exercicios axeitados favorece a mellora da condición física, minimizando ou eliminando as sensacións incómodas ou desagradables.
- Unha proba de esforzo. Se o desexa pode realizar probas simples de valoración da condición física ou outras máis complexas (como unha proba de esforzo máximo) SI NON

Notas:

- Este cuestionario é aplicable en persoas entre 15 e 69 anos de idade.
- Se está embarazada, antes de facer exercicio suxerímoslle que consulte ao seu médico.
- Se existe algún cambio no seu estado en relación coas preguntas anteriores, rogámoslle que informe inmediatamente ao profesional responsable do seu programa de actividade.